

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE FEBREIRO DE 2020.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **ONCE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **DEZASETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPEDIENTE 139/2020. EXPEDIENTE CONTRADICTORIO DE POSIBLE CADUCIDADE DE LICENZA E CORRELATIVO DE REPOSICION DA LEGALIDADE.**
- 3º.- **EXPTE. 308/2020. PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL. FASE I E II.**
- 4º.- **EXPTE. 231/2020. ANTEPROXECTO MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a seguinte Acta:

- 07 de febreiro de 2020

2º.- **EXPEDIENTE 139/2020. EXPEDIENTE CONTRADICTORIO DE POSIBLE CADUCIDADE DE LICENZA E CORRELATIVO DE REPOSICION DA LEGALIDADE.**

EXPEDIENTE 139/2020. EXECUCION DE SENTENZA DO TSX GALICIA INCOANDO EXPEDIENTE CONTRADICTORIO DE POSIBLE CADUCIDADE DE LICENZA E CORRELATIVO DE REPOSICION DA LEGALIDADE, NO SEU CASO.

(Sentenza nº 496/19, de 11 Outubro 2019, Rec Apelación nº 4070/2018)

DENUNCIA/DEMANDA SOBRE AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN.

Denunciante: Maria Dolores Garcia Remeseiro
Data: 30 Marzo 2016, 05 Maio, 30 Maio.
Emprazamento: Barrabaite, Lamela
Denunciado/demandado: Juan Manuel Bascuas Otero

- A. Antecedentes básicos:** O 28.05.2014 a XGL concedeu licenza para a ampliación de explotación de vacún a Juan Manuel Bascuas Otero.



O solo está clasificado no planeamento vixente como rústico de protección agropecuaria. A lexislación aplicable é a Lei 9/2002. As obras de ampliación tiveron ditame favorable de incidencia ambiental emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI.

Síntese da demanda. A denunciante sostén que non se gardan a distancias esixibles da balsa de xurro a vivenda da interesada, moi en especial ao pozo, co perigo de contaminación que conleva. Así mesmo reclama a caducidade da licenza por incumprimento do prazo de inicio das obras.

Sobre estes antecedentes, e partindo do asesoramento dos servizos técnicos e urbanísticos municipais, a postura municipal trasladada ao contencioso se resume así:

1º. Nulidade de pleno dereito da licenza. A pretensión de nulidade de pleno dereito é notoriamente carente da mínima base xurídica esixible polo que procede a súa desestimación sen maiores consideracións.

2º. Caducidade. Efectivamente non consta xustificante do inicio das mesmas, requirido ao promotor, sen prexuízo que se podería admitir o atraso por causas xustificadas, forza maior, etc. En todo caso o Concello non estimou procedente a tramitación do oportuno expediente de declaración de caducidade, trámite esixible, merecendo o cualificativo de irregularidade non invalidante –non de anulabilidade, moito menos de nulidade radical- no suposto que quedara acreditada tal demora, ademais de que o solicitante sempre tería dereito a tramitación de nova licenza, polo que non afectaría o fondo da denuncia.

3º. Distancia da foxa a lindeiros e pozo de auga. En canto o fondo, o incumprimento da distancia da foxa a lindeiros e pozo de auga, se ha de sinalar previamente que as obras **teñen ditame favorable de incidencia ambiental** emitido polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI da XUNTA de Galicia.

En 2º lugar se encadran na Disp. Transitoria 11ª da LOUGA, a normativa aplicable no momento da concesión, polo que non son aplicables os criterios de parcela mínima, recuamentos, ocupación, volume e distancias mínimas a vivendas que establecía o art. 42. A distancia que sostén o denunciante corresponde ca que se prevé no actual PXOM en trámite, o cal non ten eficacia xurídica algunha ata que sexa aprobado pola Xunta e publicado no DOGA, segundo informe do Secretario Xeral.

En definitiva se trata da ampliación dunha explotación preexistente, con ditame de incidencia ambiental e cumprimento das distancias a vivendas (por non esixibles neste caso). Hai que engadir, por outra parte, que a balsa de xurro será estanca, polo que non debe filtrar ao terreo. De non ser así, o Concello esixirá o seu cumprimento a raxatabla, amén das accións que estime pertinente pola súa banda.

B. Sentenza firme.

Identificación:

PO nº 281/2016

XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 PONTEVEDRA

Demandante: Mª DOLORES GARCIA REMESEIRO



A sentenza nº 496/19, de 11 Outubro 2019, do Tribunal Superior de Xustiza desestima o Recurso de Apelación presentado pola demandante: **M^a DOLORES GARCIA REMESEIRO** contra a previa XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 PONTEVEDRA, PO nº 281/2016, nº 154/2017, coas resolucións seguintes:

- a) **Se rexeita a pretensión de anulación da licenza, confirmando a súa legalidade.**
- b) Establece que o Concello incoe expediente de presunta caducidade e, caso que sexa negativo, de reposición da legalidade.

O razoamento da sentenza sobre a caducidade da licenza se sintetiza neste apartado que se transcribe:

“Lo que discute la apelante es si las obras dieron comienzo o no en el plazo de 6 meses desde la concesión de la licencia, porque la ortofoto de 2015 parece reflejar la misma realidad que en junio de 2014,...

Lo que ocurre es que la prueba no resultó concluyente en relación a si con anterioridad se había procedido al movimiento de tierras, por la falta de claridad de las fotos comparadas, lo contradictorio de la documental y la falta de credibilidad del esposo de la recurrente, lo que determinó que en la sentencia se obligue al Ayuntamiento de Silleda a resolver sobre este extremo”.

En consonancia co mesmo, tendo en conta a legalidade da licenza recoñecida pola sentenza, a primeira conclusión municipal é a de reiterar a mesma, e tamén, paralelamente, baseándonos nos mesmos argumentos expostos nos dous fallos xudiciais e nas probas que se citan - la prueba no resultó concluyente sobre el movimiento de tierras, por la falta de claridad de las fotos comparadas, lo contradictorio de la documental y la falta de credibilidad del esposo de la recurrente-, é evidente que o Concello sostivo que non existe o suposto da caducidade, aínda mais reafirmado por ese argumento probatorio xudicial, máxime cando, textualmente, tamén sostén que:

“... no cabe declarar de oficio la caducidad sin expediente contradictorio previo y tal declaración ha de responder a un abandono en la intención de acometer la construcción, que, en este caso, de forma evidente, no existe, pues la obra está ejecutada aunque ha de ajustarse al proyecto”

En conclusión, se subscriben íntegramente tales razoamentos, moi en especial esa evidencia de que a obra “está executada”, o que demostra a “intención de acometer a construción”, nese contexto de hipotética caducidade.

Por todo o exposto, en cumprimento do fallo xudicial, e tendo en conta o Informe Xurídico do Letrado do caso, Manuel Quintans Queiruga, Colexiado nº 928, SE ACORDA:

1. **Incoar** expediente contradictorio sobre a posible caducidade da licenza, procedendo, no caso de ser negativa a mesma, a apertura de expediente de reposición da legalidade para determinar “si existen modificaciones sobre el proyecto” e se as mesmas están ou non amparadas pola licenza, no contexto da súa posible legalización.



2. Notificar este acordo aos dous interesados, **M^a DOLORES GARCIA REMESEIRO e JUAN MANUEL BASCUAS OTERO**, coa advertencia de que deberán aportar ou propor as probas que estimen necesarias ao respecto desa caducidade.
3. Dar traslado aos Servizos Urbanísticos para a tramitación do expediente.

3º.- EXPTE. 308/2020. PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL. FASE I E II.

Visto o proxecto denominado "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL. FASE I E II", redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, de data novembro de 2019, cun orzamento de execución material de 669.074,66 € en la primera fase e de 1.266.299,49 € na segunda fase.

Vista a posibilidade de asinar un convenio coa Dirección Xeral de Administración Local para a subvención instrumentada sobre investimentos ambientais.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:

- Aprobar o proxecto básico e de execución, denominado NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA, redactado polo Arquitecto Abraham Castro Neira, de data novembro de 2019, cun orzamento de execución material de 669.074,66 € en la primera fase e de 1.266.299,49 € na segunda fase.

- Iniciar os trámites para a sinatura do convenio coa Dirección Xeral da Administración Local, no relativo a todo o designado como FASE I no referido Proxecto.

4º.- EXPTE. 231/2020. ANTEPROXECTO MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA.

Vista a Orde do 19 de decembro de 2019 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do **Fondo de Compensación Ambiental** para o ano 2020, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG. 17 xaneiro 2020)

Vista a memoria xustificativa así como o anteproxecto denominado "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA", redactado polos servizos técnicos municipais, arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, de data 17 de febreiro de 2020, cun orzamento de contrata de 84.847,91 € (base: 70.122,24 + 21% IVE 14.725,67).

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA**:



- Aprobar a memoria xustificativa da adecuación das actuacións para as que se solicita subvención, aos criterios de subvencionabilidade establecidos na orde para liña non competitiva.
- Aprobar o anteprojecto denominado "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DOS VESTIARIOS DA PISCINA E DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SILLEDA" redactado polos servizos técnicos municipais, arquitecto Lino Manuel Doporto Framil, de data 17 de febreiro de 2020, cun orzamento de contrata de 84.847,91 € (base: 70.122,24 + 21% IVE 14.725,67).
- Solicitar unha subvención para a súa realización, ao abeiro da liña en concurrencia NON COMPETITIVA, por importe de 29.511,21 €
- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as once horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 17 de febreiro de 2020

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.
Asdo. David García Lareo

